

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE XUÑO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de xuño de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 6 de xuño de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Ramón Sobrado González

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 20 de maio de 2022 (RE-E núm. 225), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	RAMÓN SOBRADO GONZÁLEZ
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DE XABALDIÑO, PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA
REPRESENTANTE	LETICIA DIÉGUEZ ALONSO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	RENOVACIÓN DE MATERIAL DE COBERTURA EN TELLADO DE VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	XABALDIÑO
PARROQUIA	SAN SALVADOR DE CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A040002630001AY / 002100500NH92G0001YB
DOCUMENTO TÉCNICO	Proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez, en data 11/05/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	8.968,87 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 07/06/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO SETENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (179,37 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI PARA O PROGRAMA “CULTURA NO CAMIÑO 2022”

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes da Resolución do 18 de maio de 2022 da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22, e se convocan para o ano 2022 (DOG núm. 107, do 06/06/22), e a conveniencia de solicitar dita axuda para financiar a contratación de actuacións que contribúan á promoción das artes escénicas e musicais (teatro, música, danza, novo circo ou maxia) a desenvolver entre os días 15 de xullo e 10 de setembro de 2022. Agadic financia o 50 % do caché de cada actividade programada (mínimo de dúas), por importe mínimo de 5.000,00 €, IVE incluído, e sen que a subvención total supere a cantidade máxima de 2.500,00 €.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) unha subvención económica por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS

EUROS (2.500,00 €), para a contratación de actuacións dentro do programa “*Cultura no Camiño 2022*”.

Segundo.- Comprometerse, no suposto de ser beneficiarios da axuda solicitada, a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto das actividades ata o importe total de execución.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do presente acordo.

4.- DISTRIBUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE ALIMENTOS 2022, PROCEDENTES DE EXCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA

VISTO o informe-proposta realizado pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, en data 07/06/22, para a concesión e repartición da primeira fase do Plan de alimentos 2022, procedentes de excedentes da Unión Europea e xestionados pola Cruz Vermella Española, entre doce (12) unidades familiares do Concello que se atopan nunha situación económica precaria e cumpren cos requisitos de acceso establecidos nas correspondentes Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2013. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar a devandita proposta e o reparto dos alimentos cedidos entre as familias necesitadas.

5.- TOMA DE RAZÓN DAS RENUNCIAS VOLUNTARIAS PRESENTADAS POR USUARIOS/AS INSCRITOS/AS NA LISTA DE AGARDA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE DEPENDENCIA

De conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 08/06/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, toma razón das seguintes renuncias presentadas por usuarios/as integrados no SIGAD e en lista de agarda para o recurso de SAF, modalidade de dependencia:

- Eva Vázquez Doval, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Agrochouso, parroquia de San Salvador de Camba (RE núm. 863, do 31/05/22).
- Manuel Faílde Iglesias, con DNI núm. [REDACTED] veciño do lugar da Portela, parroquia da Portela (RE núm. 892, do 03/06/22).

6.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Josefa Preciosa Villanueva Janeiro.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 08/06/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Josefa Preciosa Villanueva Janeiro
DNI: [REDACTED]
DOMICILIO: Lugar de Xabalde, parroquia de San Salvador de Camba
VALORACIÓN: [REDACTED]
NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo
PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 0,00 €/hora

7.- ALTA DE USUARIOS NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que a alta no SAF de dependencia de Dona Josefa Preciosa Villanueva Janeiro produciu unha vacante no SAF, modalidade de libre concorrência, da que era usuaria ata a data. Segundo a Ordenanza en vigor corresponderíanlle acceder ao servizo a

Dona Fe Derita Fernández Fernández e a Don Ángel Diéguez López, dado que se atopan incluídos/as asemade na lista de agarda do Programa de Asignación de Recursos (PAR) da Lei de Dependencia.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez Fernández en data 08/06/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrência, dos/as usuarios/as que deseguido se relacionan:

1)

NOME E APELIDOS: Fe Derita Fernández Fernández

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Paredes, parroquia de Álceme

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 2,40 €/hora

2)

NOME E APELIDOS: Ángel Diéguez López

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Bardelás, parroquia de Carboentes

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 2,40 €/hora

8.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS E CONCILIACIÓN DO CONCELLO, INTEGRADOS NA MEDIDA DE CONCILIACIÓN “CONCILIA RODEIRO”

O Concello está a desenvolver un programa municipal de conciliación denominado “*Concilia Rodeiro*”, que consiste na organización e desenvolvemento de actividades e accións co-educativas, de apoio escolar e lúdicas que garantan a conciliación familiar, social, persoal e laboral a través de dous programas: Programa para atención a nenos e nenas, que abrangue todo o período lectivo de cada curso escolar de setembro a xuño; e Programa de actividades para nenos e nenas que abrangue dende o primeiro día non lectivo de vacacións do mes de xuño ata o último día non lectivo do mes de setembro. Ditos programas foron validados como medidas municipais de

conciliación de promoción autonómica, por Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade de data 20/04/22.

Ao obxecto de regular as condicións xerais de acceso aos devanditos programas de conciliación e a proposta da Concellería de Cultura, Infancia, Igualdade, Medio Ambiente e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as Bases reguladoras das condicións xerais do Servizo de campamentos e servizos de conciliación do Concello, co contido íntegro que de seguido se sinala:

BASES REGULADORAS DAS CONDICIÓNS XERAIS DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE RODEIRO

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto desta disposición a regulación xeral das condicións das actividades de campamentos e dos servizos de conciliación do Concello de Rodeiro.

Artigo 2 . Obxectivos dos servizos

Obxectivos xerais dos servizos regulados nas presentes bases:

- Contribuír ao desenvolvemento educativo individual e social dos/as menores a través do desfrute dun ocio saudable.
- Apoiar ás familias e á sociedade, co fin de permitir unha mellor conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Desenvolver un modelo educativo non formal en parte das vacacións dos menores, mediante actividades educativas, igualitarias, saudables e de respecto medioambiental e pola súa comunidade.
- Promover hábitos de vida saudables.
- Promover actividades que fomenten a igualdade, a convivencia , a integración e a participación.
- Ofrecer unha posibilidade de conciliación da vida familiar e laboral durante as horas posteriores ao horario lectivo do centro educativo, así coma en períodos non lectivos.
- Ofrecerlle ás familias un servizo de carácter educativo a través de actividades lúdicas e educativas adaptadas ás características da etapa do crecemento e que atendan ao desenvolvemento harmónico do/a menor.
- Realizar actividades lúdicas planificadas e estruturadas desde un enfoque orientado ao xogo e esparexemento.
- Contribuír ao desenvolvemento integral dos e das menores a través do xogo coeducativo, introducindo a educación en valores, nomeadamente en materia de igualdade de xénero, respecto á diversidade, solidariedade e convivencia, entre outros.

Artigo 3. Definición dos servizos

Un campamento é unha experiencia de vida realizada por un grupo de menores e organizada e coordinada principalmente por profesionais do eido do tempo libre, para colaborar no desenvolvemento integral destes na súa comunidade, nun clima caracterizado por valores como a igualdade, a solidariedade, a cooperación e a convivencia, cumprindo todas as garantías para a seguridade e saúde do grupo.

Os servizos de conciliación son programas de atención, coidado e custodia de menores dende un enfoque lúdico educativo orientados a dar resposta aos problemas de incompatibilidade horaria das familias na súa vida persoal, laboral e familiar.

Artigo 4. Contido dos servizos

Estas bases regulan aquelas actividades de conciliación da vida persoal, laboral e formativas, de ocio e de tempo libre, que se organicen dende a/s concellería/s competente/s na materia e se dirixan ás persoas destinatarias definidas no artigo seguinte.

En concreto :

1 – Campamentos: actividades lúdicas e educativas de ocio e tempo libre realizadas en diferentes períodos do ano (semana santa, nadal, entroido, vacacións de verán...).

2 – Servizos de Conciliación:

2.1. Servizo de conciliación durante o curso escolar.

2.2 Servizo de conciliación durante o período non lectivo de verán.

Artigo 5. Persoas Destinatarias

1 – Campamentos: menores de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambos incluídos, que cumpran os requisitos como participantes de cada actividade que se fixe na planificación da mesma.

2 – Servizos de Conciliación: menores con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos (acolléndose aos criterios vixentes de admisión no 2º ciclo de Educación Infantil, poderán acceder a este servizo os e as menores que, aínda non cumprindo os 3 anos ao comezo do curso, cumpran esta idade dentro do ano natural correspondente ao comezo do devandito curso escolar ou que superen a idade máxima pero que manteñan a matrícula no CPI de Rodeiro).

Será requisito para acceder aos servizos de conciliación estar empadroadado no Concello de Rodeiro.

Artigo 6. Dereitos das persoas usuarias/beneficiarias

Ao tratamento dos seus datos en relación co Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 7. Número de prazas

1 – Campamentos: o número de prazas dos campamentos determinarase no momento de planificación do mesmo e aprobación en Xunta de Goberno Local.

2 – Servizos de Conciliación:

2.1. Servizo de conciliación durante o curso escolar: 20 prazas diarias. Poderán matricularse no servizo máis menores pero en ningún caso poderán acudir máis de 20 cada día de servizo.

2.2 Servizo de conciliación durante o período non lectivo de verán: 20 prazas en horario de mañá e 30 en horario de tarde.

Artigo 8. Admisión nos servizos.

1 – Campamentos: determinarase no momento de planificación do mesmo e aprobación en Xunta de Goberno Local.

2 – Servizos de Conciliación.

O acceso ao servizo realizarase mediante a presentación dunha solicitude e anexos correspondentes no rexistro xeral do Concello no prazo que se fixe, á que se acompañará a seguinte documentación:

1.- Documentación relativa á persoa solicitante e/ou aos membros da unidade familiar:

- DNI/NIE dos proxenitores
- DNI/NIE dos/as menores, no seu caso
- DNI/NIE das persoas encargadas de realizar os traslados de menores para o acceso a estes servizos en caso de que sexan diferentes dos/as proxenitores/as.
- Tarxeta sanitaria dos/as menores
- Informes médicos oportunos
- Libro de familia
- Copia completa da sentenza xudicial polo que se aprobe o convenio regulador no que conste a atribución da garda e custodia do/a menor.
 - Acreditación da situación de monoparentalidade: mediante sentenza xudicial de separación /divorcio, libro de familia, certificado de defunción ou certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia.

2.- Documentación relativa á valoración das necesidades de conciliación:

- Informe de vida laboral actualizado.
- Outra documentación acreditativa de necesidades de conciliación, se fose o caso (coidado de familiares en hospitalización, coidado de persoas dependentes, situacións de risco e/ou exclusión social informados desde os Servizos Sociais Comunitarios, etc).

3.- Documentación relativa á valoración de criterios económicos:

- Declaración de IRPF do último exercicio dispoñible.
- No caso de non ter presentada declaración de IRPF será preciso achegar certificado de retencións e ingresos a conta do IRPF.

No suposto excepcional de que exista a imposibilidade de documentar determinadas situacións económicas, estas deberán acreditarse mediante declaración xurada dos/as interesados/as.

Así mesmo, poderase solicitar calquera outra documentación requirida por técnicos/as municipais para poder tramitar e valorar as solicitudes.

Entenderase por unidade familiar a formada polo pai e a nai non separados legalmente, os fillos/as menores de idade e os fillos/as maiores de dezaioito anos con un grado de discapacidade superior ao 33% que convivan no domicilio familiar.

Artigo 9. Criterios de prioridade e adxudicación das prazas nos servizos de conciliación.

Procedemento:

1º Familias monoparentais.

2º Familias nas que os dous proxenitores/titores traballen. Daráselle prioridade ás familias con rendas menores e a familias con informe de derivación de servizos sociais comunitarios.

3º Resto de familias solicitantes, priorizando as de menor renda.

No caso de que o número de inscritos superen o número de prazas ofertadas, atenderase aos criterios anteriores na orde que aparecen e, en caso de empate, por orde de rexistro de entrada.

As solicitudes non admitidas por falta de prazas configurarán unha listaxe de agarda. As vacantes que se produzan serán cubertas seguindo os criterios anteriormente expostos.

Será causa de baixa nos servizos a falta de asistencia continuada superior a 1 mes sen causa xustificada e o incumprimento reiterado das normas establecidas nos servizos.

9.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA VERÁN 2022” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería de Cultura, Infancia, Igualdade, Medio Ambiente e Voluntariado do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia verán 2022*”, que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de verán. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexeráse polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o día 23 de xuño ata o día 7 de setembro (ambos incluídos), de luns a venres, agás días festivos. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do período non lectivo de verán.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 a 14:00 horas en horario de mañá, e de 16:00 a 20:30 horas en horario de tarde.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando o horario e datas nas que acudirá.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade establécese entre os días 10 e 17 de xuño de 2022 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata o día 15 de xullo para acudir nos meses de agosto e setembro e ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas en horario de mañá e de 30 prazas en horario de tarde.
- ✓ Fíxase un prezo público atendendo á renda per cápita anual da unidade familiar, establecendo unha exención de pago para aquelas unidades familiares con renda per cápita anual igual ou menor de 6.000,00 €.

Para unidades familiares con renda per cápita anual superior a 6.000,00 € e inferior ou igual a 10.000,00 € establécese un prezo público de 4,00 € por día de asistencia en horario de mañá e 4,00 € por día de asistencia en horario de tarde.

Para unidades familiares con renda per cápita anual superior a 10.000,00 € establécese un prezo público de 5,00 € por día de asistencia en horario de mañá e 5,00 € por día de asistencia en horario de tarde.

Este sistema de pago en base á renda da unidade familiar é máis equitativo que unha cota fixa dado que ten en conta as necesidades de cada sistema familiar. Os limiares de renda baséanse nos establecidos pola Xunta de Galicia para ter acceso ao fondo solidario de libros de texto e axudas para libros e material educativo.

Para valorar o nivel de renda terase en conta o exercicio fiscal 2021. De non ter presentada a declaración de 2021 pedirase o certificado de rendementos imputables do ano 2020, último dispoñible, máis unha declaración responsable asinada polo interesado/a que acredite que non presentou a declaración de IRPF do ano 2021 por non estar obrigado/a a ela.

O pago da mensualidade de xuño farase efectivo nos cinco primeiros días de asistencia á actividade de cada participante. Para aqueles inscritos/as que acudan nos meses de xullo, agosto e setembro deberán pagar nos cinco primeiros días de cada mes.

O incumprimento dos períodos de pago descritos será causa de baixa na actividade.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- R.M. PRINT GALICIA S.L. 42,35 €
Por subministro de placa de publicidade da Deputación para subministro incluído no Plan Concellos 2020, s/factura núm. A/2022078.
- CUCHILLERÍA CORUÑESA S.L.U. 471,78 €
Por subministro de delantais para a iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. 000284.
- FEIJOO E HIJOS S.C. 49,67 €
Por subministro de produtos de panadería para a iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. A/26.
- ASOCIACIÓN CULTURAL “OS ARANDOS” 350,00 €
Por actuación da programación de cantos de taberna dentro da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. 01/2022.
- ÓSCAR GARCÍA MEIJOMIL 968,00 €
Por traballos de colocación de tubos nos lugares de Riobó e Caxide, s/factura núm. 002/2022.
- VIRULÉ RODEIRO S.L. 4.356,00 €
Por transporte de zahorra para obras municipais, s/factura núm. 521 (FACe).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 10.408,18 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Concellos 2022, s/factura núm. 009/2022 (subvención Liña 1 do Plan Concellos 2022).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 4.212,48 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Concellos 2022 e Plan Marco 2022-2023, s/factura núm. 008/2022 (subvención Liña 1 do Plan Concellos 2022).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)